AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

Xacobeo 2027

AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN

CONVOCATORIA 2026

Proxectos de Xeración de Coñecemento

e actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas a estes proxectos

· BOE-B-2026-31900 · Extracto da Resolución do 30 de setembro de 2026

Prazo de solicitude: do 3 ao 24 de novembro de 2026, ás 14:00 h (hora peninsular)

Marco programático

Plan estatal de investigación científica, técnica e de innovación (PEICTI) 2024-2027

PROGRAMA

Programa de Investigación e Desenvolvemento Experimental

SUBPROGRAMA

Subprograma Estatal de Xeración de Coñecemento

Financia os proxectos de investigación

PROGRAMA

Programa de Recursos Humanos

SUBPROGRAMA

Subprograma Estatal de Formación, Atracción e Retención de Talento Científico-Técnico, Investigador e Innovador

Financia as actuacións de formación predoutoral

Obxecto da convocatoria

Proxectos de investigación

Financiar a realización de proxectos de **investigación orientada e non orientada dirixidos,** con carácter xeral, **a promover a xeración e o avance significativo do coñecemento científico e a investigación de calidade contrastada** e, especificamente no caso dos proxectos de investigación orientada, a avanzar cara á procura de solucións aos desafíos da sociedade, impulsando para iso actuacións tanto no ámbito nacional como no bilateral internacional.

Formación predoutoral

Financiar actuacións encamiñadas á **formación de persoal investigador predoutoral mediante a realización dunha tese de doutoramento** asociada aos proxectos de investigación mencionados.

Saúde das mulleres

Reforzar a masa crítica de investigación en ámbitos relacionados coa saúde das mulleres (anexo IX), dentro do programa **«Somos Contamos»,** financiando as actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral solicitadas nos proxectos de investigación subvencionados nestes ámbitos.

Modalidades de proxectos



PROXECTOS

Investigación non orientada

Proxectos sen orientación temática previamente definida, que teñen como obxectivo primordial o avance do coñecemento, independentemente do horizonte temporal e do ámbito de aplicación deste.



PROXECTOS

Investigación orientada

Proxectos que buscan o avance do coñecemento orientado á resolución de problemas concretos e vinculados ás prioridades temáticas asociadas aos grandes desafíos da sociedade que figuran no PEICTI, cuxa relación figura no anexo III da convocatoria.

02

Tipos de proxectos e entidades beneficiarias

Proxectos tipo A, B, RTA e I, actuacións de formación predoutoral e entidades que poden solicitar

Proxectos tipo A

Proxectos dirixidos por un/unha ou dous/dúas IP con contribucións científico-técnicas relevantes e innovadoras que:

- Non foron previamente IP de proxectos de investigación dos plans estatais de I+D+i durante máis dun ano.
- Obtiveron o grao de doutor/a entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2024 (coa ampliación da data límite inferior nas situacións do artigo 8.3.c) e cumpren os requisitos da convocatoria.

Poden ser de modalidade orientada e non orientada.

Proxectos tipo B, RTA e I

B Tipo B

Proxectos dirixidos por un/unha ou dous/dúas IP con traxectoria investigadora consolidada e que cumpran os requisitos administrativos que indica a convocatoria.

RTA Tipo RTA

Modalidade de investigación orientada, dirixidos por entidades integradas no sistema INIA (CSIC)-CCAA.

I Tipo I

Modalidade de investigación non orientada en todas as áreas de coñecemento, desenvolvidos no marco dunha actuación de colaboración bilateral internacional auspiciada, para a parte estranxeira, polas entidades financiadoras NCN (Polonia) e SNSF (Suíza). A AEI financia a participación española e a correspondente entidade financiadora, a dos equipos estranxeiros.

Tipo I: para que o proxecto presentado pola parte española obteña financiamento nesta convocatoria será requisito imprescindible que a contraparte estranxeira sexa elixible e obteña financiamento da súa entidade financiadora correspondente.

Formación de persoal investigador predoutoral

Financiamento de actuacións de 4 anos de duración encamiñadas á formación de novos doutores e doutoras mediante a realización dunha tese de doutoramento asociada a un proxecto de investigación financiado nesta convocatoria. Inclúe o financiamento dos custos de:

- Contratación do persoal investigador predoutoral e indemnización á finalización do contrato
- Estadías en centros de I+D
- Gastos de matrícula derivados das ensinanzas de doutoramento

Período de orientación posdoutoral (POP), destinado ao perfeccionamento e especialización profesional, por un máximo de 12 meses, sempre que a obtención do doutoramento se produza durante o período de execución da actuación.

4 anos

de duración da actuación

12 meses

máximo de período de orientación posdoutoral

Entidades beneficiarias

Organismos públicos de investigación e universidades públicas

Universidades privadas

Entidades e institucións sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades de I+D+i

Institutos de investigación sanitaria acreditados

Centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica

Outros centros públicos de I+D+i, con personalidade xurídica propia, que nos seus estatutos, no seu obxecto social ou na normativa que os regule teñan a I+D+i entre as súas actividades principais

Centros privados de I+D+i, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, coa I+D+i entre as súas actividades principais

Os requisitos das entidades beneficiarias establécense no artigo 7 da convocatoria.

03

Compoñentes do proxecto e réxime de participación

Investigador/a principal, equipo de investigación e equipo de traballo: requisitos e incompatibilidades

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE
Xacobeo 2027
AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN

Compoñentes do proxecto

Investigador/a principal (IP)

Responsable da execución do proxecto. Se a solicitude se presenta con dous/dúas IP, ambos/as terán a mesma consideración para todos os efectos, incluída a valoración dos méritos que acrediten a capacidade científico-técnica para liderar o proxecto.

Equipo de investigación (EI)

Persoal investigador vinculado á entidade solicitante ou a outra entidade que cumpra os requisitos da convocatoria.

Equipo de traballo (ET)

Persoal que participa na execución do proxecto sen formar parte do equipo de investigación.

Requisitos do/da investigador/a principal (IP)

Titulación

Ter o grao de doutor/a con data anterior ao 1 de xaneiro de 2025.

Nos proxectos tipo A, a data de obtención do grao de doutor/a deberá estar comprendida entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2024.

Requisito de vinculación

Ter unha relación funcionarial, estatutaria, laboral ou calquera outro vínculo profesional coa entidade solicitante ou con outra entidade que cumpra os requisitos da convocatoria.

Computan tamén as persoas contratadas do programa «Ramón y Cajal» do PEICTI e as que estean en posesión do certificado I3 ou R3 no marco doutros programas posdoutorais do PEICTI, con independencia da data de finalización do contrato, así como a expectativa de nomeamento ou contratación por superar un procedemento de selección en concorrencia competitiva convocado por calquera entidade do sector público.

Outros requisitos

Non estar contratado/a con cargo aos fondos obtidos en convocatorias do Plan estatal de investigación científica, técnica e de innovación 2024-2027 ou de plans anteriores.

Exceptúanse as axudas do Programa Estatal de Recursos Humanos, ou de programas equivalentes de plans anteriores, nas que se requira o grao de doutor/a, e as axudas a Centros de Excelencia «Severo Ochoa» e Unidades de Excelencia «María de Maeztu».

Réxime de participación do/da IP: tipos A, B e RTA

1 Quen figure como IP nunha solicitude presentada a esta convocatoria non poderá figurar nin como IP nin como persoal do equipo de investigación noutra solicitude da mesma convocatoria, independentemente da modalidade ou tipoloxía de proxecto.

2 Non se poderá figurar como IP nunha solicitude se, na data de peche do prazo de presentación, se participa como IP ou como persoal do equipo de investigación nun proxecto concedido nalgunha das convocatorias indicadas e ese proxecto ten unha data de finalización posterior ao 31 de agosto de 2027, de acordo co prazo fixado na resolución de concesión.

Convocatorias computables

PID2023 | PI2024 | PID2024 | PI2025 | PID2025 | PI2026



31/08/2027

Os proxectos vixentes con data de finalización posterior a esta data impiden figurar como IP

Réxime de participación do/da IP: tipo I

1. Quen figure como IP nunha solicitude presentada a esta convocatoria non poderá figurar nin como IP nin como persoal do equipo de investigación noutra solicitude da mesma convocatoria, independentemente da modalidade ou tipoloxía de proxecto.

2. Non se poderá figurar como IP nunha solicitude se, na data de peche do prazo de presentación, se participa como IP ou como persoal do equipo de investigación nun proxecto concedido nalgunha das convocatorias PID2024 (proxectos tipo I), PID2025, PI2026, INT2026, PCI2026-1 e PCI2026-2.

3. Quen figure como IP nunha solicitude presentada a esta convocatoria non poderá figurar nin como IP nin como persoal do equipo de investigación nunha proposta equivalente presentada na convocatoria 2026 da axencia financiadora estranxeira correspondente.

Equipo de investigación (EI): requisitos

Titulación

Doutor/a ou titulación universitaria de licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou grao.

Vinculación

Ter unha relación funcionarial, estatutaria, laboral ou calquera outro vínculo profesional coa entidade solicitante ou con outra entidade que cumpra os requisitos da convocatoria.

Outros requisitos

Non estar contratado/a con cargo aos fondos obtidos en convocatorias dos plans 2024-2027 ou anteriores, coa excepción das axudas do Programa Estatal de Recursos Humanos nas que se requira o título de doutor/a e das axudas «Severo Ochoa» e «María de Maeztu».

Réxime de participación do EI: tipos A, B e RTA

1. Poderase figurar como persoal do equipo de investigación nun máximo de dúas solicitudes desta convocatoria.

2. Quen figure como IP nunha solicitude presentada a esta convocatoria non poderá figurar nin como IP nin como persoal do equipo de investigación noutra solicitude da mesma convocatoria, independentemente da modalidade ou tipoloxía de proxecto.

3. Quen participe como membro do equipo de investigación nun proxecto concedido das convocatorias PID2023, PI2024, PID2024, PI2025, PID2025 e PI2026 con data de finalización posterior ao 31 de agosto de 2027 poderá figurar no equipo de investigación, como máximo, nunha solicitude desta convocatoria. Se participa en máis dun destes proxectos, non poderá figurar no equipo de investigación de ningunha solicitude.

2

solicitudes como máximo por persoa no equipo de investigación

Réxime de participación do EI: tipo I

1. Poderase figurar como persoal do equipo de investigación nun máximo de dúas solicitudes desta convocatoria.

2. Quen figure como IP nunha solicitude presentada a esta convocatoria non poderá figurar nin como IP nin como persoal do equipo de investigación noutra solicitude da mesma convocatoria, independentemente da modalidade ou tipoloxía de proxecto.

3. Quen participe no equipo de investigación dun proxecto concedido das convocatorias PID2024 tipo I, PID2025, INT2026, PCI2026-1, PCI2026-2 e PI2026 poderá figurar no equipo de investigación, como máximo, nunha solicitude desta convocatoria; se participa en máis dun deles, en ningunha. Quen participe como IP nalgún deses proxectos non poderá figurar no equipo de investigación dunha solicitude PID2026 de tipo I.

4. Quen figure no equipo de investigación dunha solicitude desta convocatoria non poderá figurar nin como IP nin como persoal do equipo de investigación nunha proposta equivalente presentada na convocatoria 2026 da axencia financiadora estranxeira correspondente.

Cumprimento dos requisitos do/da IP e do EI

Os requisitos deberán cumprirse durante toda a instrución da convocatoria, desde a data de peche do prazo de presentación de solicitudes ata a súa resolución.

Investigador/a principal

- O incumprimento dos requisitos do/da IP que se detecte durante o procedemento de instrución determinará a exclusión da solicitude.
- Se o proxecto se presentou con dous/dúas IP e un/unha deles/delas non cumpre os requisitos, será excluído/a da solicitude. Neste caso, poderá admitirse a trámite a solicitude cun/cunha único/a IP.

Equipo de investigación

- O incumprimento dos requisitos do persoal do equipo de investigación determinará a exclusión do/da investigador/a de todas as solicitudes desta convocatoria nas que se produza ese incumprimento.

Equipo de traballo (ET)

Persoal investigador que non cumpra as condicións de vinculación

Persoal predoutoral en formación

Persoal técnico de apoio á investigación

Persoal investigador pertencente a entidades de investigación sen residencia fiscal en España

Non deberán figurar no equipo de traballo as persoas que teñan unha relación funcionarial, estatutaria, laboral ou calquera outro vínculo profesional coa entidade solicitante ou con outra entidade que cumpra os requisitos da convocatoria e que, polo tanto, poidan ser IP ou formar parte do equipo de investigación.

04

Características e financiamento

Estrutura e duración dos proxectos, axudas predoutorais, conceptos financiables e orzamento

Proxectos individuais e coordinados

INDIVIDUAL

Proxectos dirixidos por un/unha ou dous/dúas IP e, se é o caso, cun equipo de investigación e un equipo de traballo.

Proxectos tipo I

Pola parte española, un único equipo de investigación liderado por un/unha ou dous/dúas IP e, pola parte estranxeira, un único equipo de investigación liderado por un/unha IP.

COORDINADO

Proxecto formado por un mínimo de dous e un máximo de seis subproxectos, cada un deles con un/unha ou dous/dúas IP e, se é o caso, cun equipo de investigación e un equipo de traballo.

Proxectos tipo I

Pola parte española, dous ou tres equipos de investigación liderados por un/unha ou dous/dúas IP cada un e, pola parte estranxeira, un máximo de dous equipos de investigación liderados por un/unha IP cada un.

Proxectos coordinados: regras

O subproxecto coordinador debe ser tipo B e non pode ser de tipo A; os subproxectos poderán ser B ou A.

Se o subproxecto coordinador é tipo RTA, os subproxectos deberán ser tipo RTA.

Se o subproxecto coordinador é tipo I, os subproxectos deberán ser tipo I.

A modalidade, a área temática e o período de execución serán únicos para todos os subproxectos e serán os seleccionados polo/pola IP coordinador/a.

Os subproxectos poderán pertencer á mesma entidade beneficiaria.

Tipo I: se calquera dos subproxectos non fose proposto para financiamento, o resto dos subproxectos tampouco serán financiados.

Resto de tipos: se o subproxecto coordinador non fose proposto para financiamento, o resto dos subproxectos non poderán ser financiados.

Duración dos proxectos

3 ou 4 anos

Duración con carácter xeral

4 anos

Proxectos que impliquen campañas oceanográficas

2 anos

Só en casos excepcionais e xustificados

Pódese solicitar un proxecto de 2 anos cando concorra algunha destas circunstancias:

1. Cando a vinculación do/da IP non alcance para a execución dun proxecto de maior duración.
2. Cando existan motivos científico-técnicos extraordinarios, sempre que se xustifiquen debidamente na solicitude e na memoria científico-técnica.

Data de inicio

non anterior ao

1 de setembro de 2027

Axudas predoutorais: características (I)

1. Duración máxima de 4 anos. Inclúese un período de orientación posdoutoral (POP), dunha duración máxima de doce meses, unha vez obtido o título de doutor/a, sempre que a obtención do título se produza durante o período de execución da actuación.

2. O período de execución iníciase coa incorporación do persoal investigador contratado ao seu posto de traballo na entidade contratante.

3. O proceso de avaliación e selección corresponde á entidade beneficiaria.

4. A convocatoria ou proceso para a cobertura do posto deberá publicarse no portal EURAXESS da Comisión Europea (euraxess.ec.europa.eu). O incumprimento desta obriga será causa de reintegro parcial do 2 % da contía individual total da axuda predoutoral.

Axudas predoutorais: características (II)

1. Se durante os dous primeiros anos de execución da axuda se produce a extinción do contrato ou o desistimento da persoa contratada, a entidade beneficiaria poderá avaliar, seleccionar e contratar outra persoa.

2. O período que transcorra entre a extinción ou desistimento do contrato e a incorporación dunha nova persoa non poderá superar os 3 meses.

3. Aínda que no marco da actuación se poidan contratar diferentes persoas, o período de execución finalizará aos catro anos contados desde a data de incorporación da primeira persoa contratada, e a contía da axuda non se modificará, sen prexuízo do disposto en materia de interrupcións e prórrogas do prazo de execución.

4. Só serán imputables a cada axuda predoutoral concedida os contratos dun máximo de dúas persoas, e a contratación dunha segunda persoa unicamente poderá realizarse durante os dous primeiros anos de execución da axuda.

Conceptos financiables (I): custos directos

O orzamento presentarase unicamente na modalidade de custos marxinais, independentemente da natureza xurídica da entidade beneficiaria.

Persoal

Persoal dedicado ao proxecto, incluída a indemnización por fin de contrato correspondente ao custo imputado no período de execución.

Activos materiais

Adquisición, aluguer, arrendamento financeiro, mantemento e reparación de activos materiais.

Material funxible

Adquisición de material funxible, subministracións e produtos.

Activos inmateriais

Adquisición de programas de ordenador de carácter técnico.

Bancos de datos

Bancos de datos, uso e xestión de repositorios de datos e bibliotecas técnicas.

Computación

Custos de computación directamente relacionados co proxecto.

Conceptos financiables (II): mobilidade

Viaxes e estadías de ata 1 mes en territorio nacional ou ata 3 meses no estranxeiro

Son financiables os gastos de aloxamento, manutención, transporte ou locomoción vinculados directamente ao proxecto.

Entidades públicas
como máximo, os importes que deriven da súa propia normativa.

Entidades privadas
como máximo, os establecidos para o grupo 2 do Real decreto 462/2002.

Estadías de maior duración ou campañas de mostraxe ou toma de datos

Aloxamento, manutención, transporte ou locomoción cun máximo mensual de:

1.500 €

ao mes en territorio nacional

1.950 €

ao mes para estadías no estranxeiro

Conceptos financiables (III)

- Publicación e difusión de resultados (revisión de manuscritos e teses de doutoramento xeradas no proxecto).
- Formación do persoal asociado ao proxecto, imprescindible para a súa execución. O material de oficina non é gasto elixible.
- Aluguer de salas, tradución, organización de eventos, congresos e seminarios. Non son elixibles os pagamentos nin os honorarios a conferenciantes.
- Inscrición en congresos de todas as persoas participantes, agás as vinculadas a unha entidade que non cumpra os requisitos do artigo 7.
- Servizos centrais do organismo con tarifas públicas calculadas conforme a contabilidade de custos, sen repercutir gastos salariais do persoal propio.
- Utilización e acceso a infraestruturas científicas e técnicas singulares (ICTS), sempre que non sexa gratuíto.
- Compensación aos suxeitos experimentais.
- Subcontratación: ata o 25 % da contía total da axuda concedida.

CUSTOS INDIRECTOS

25 %

dos custos directos

Conceptos financiables da formación predoutoral

Contratación

Contrato predoutoral regulado no artigo 21 da Lei 14/2011 e no Real decreto 103/2019, do 1 de marzo. A retribución non poderá ser inferior ao 75 % do salario fixado para as categorías equivalentes nos convenios colectivos do seu ámbito de aplicación en calquera das anualidades.

Indemnización (3.350 €)

Indemnización á que ten dereito o persoal investigador predoutoral contratado á finalización do contrato por expiración do tempo convido.

Estadías e xornadas

Rexen os importes das estadías de investigación dos proxectos. Centros de I+D públicos ou privados, incluídas empresas, españois ou estranxeiros, situados nunha localidade distinta á do centro de traballo. Duración mínima dun mes ininterrompido. Inclúe a asistencia a xornadas de seguimento científico-técnico.

Matrícula de doutoramento

O gasto financiable non poderá exceder as contías máximas dos prezos públicos por servizos académicos universitarios fixados pola comunidade autónoma correspondente para as universidades públicas.

AXUDA ADICIONAL

10.000 €

asociada ás actuacións de formación de persoal investigador predoutoral

05

Presentación da solicitude

Prazo, forma de presentación, formulario electrónico, memoria científico-técnica e currículo abreviado

Prazo de presentación de solicitudes

Prazo único de presentación de solicitudes

APERTURA

3

NOVEMBRO 2026

PECHE ÁS 14:00:00 H

24

NOVEMBRO 2026

Peche: 24 de novembro de 2026 ás 14:00:00 horas (hora peninsular española).

Forma de presentación da solicitude

Alta no RUS

As persoas que participan como IP e a persoa que exerza a representación legal da entidade solicitante deberán estar dadas de alta no Rexistro Unificado de Solicitantes (RUS).

Rexistro no SISEN

As entidades ás que pertenzan os/as IP e as persoas do equipo de investigación deberán estar rexistradas no Sistema de Entidades (SISEN).

Presentación electrónica

A través da aplicación de solicitude, á que accede o/a IP, e da aplicación de sinatura e rexistro electrónico, á que accede a persoa que exerza a representación legal da entidade.

Sinatura dos equipos

As persoas que participan tanto no equipo de investigación como no equipo de traballo deberán asinar a solicitude.

As solicitudes que non conten coa sinatura e o rexistro electrónicos da persoa que exerza a representación legal da entidade solicitante teranse por non presentadas.

Contido e documentación da solicitude

Formulario electrónico

Formulario electrónico da solicitude.

Memoria científico-técnica

Memoria científico-técnica do proxecto.

Currículo abreviado (CVA)

CVA da persoa ou persoas IP en modelo normalizado. Nos proxectos tipo I, tamén o CVA do/da IP do equipo estranxeiro.

Documentación específica

Proxectos que se desenvolvan en zonas recollidas polo Tratado Antártico e proxectos que requiran o uso de plataformas mariñas ou buques oceanográficos.

Contido da documentación: advertencias

1. A documentación achegada (solicitude, memoria e CVA) deberá conter a información necesaria para levar a cabo unha correcta avaliación da proposta.

2. Para os efectos da avaliación do proxecto e da traxectoria investigadora, só se terá en conta a información contida no CVA e na memoria científico-técnica na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. O CVA e a memoria non poderán actualizarse nin modificarse posteriormente.

⚠ Se do exame das solicitudes e da documentación se desprende que omiten información esencial para a avaliación ou conteñen información ou datos inexactos, contraditorios, incongruentes, falsos ou plaxiados, a solicitude quedará excluída, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís ou penais que procedan. A exclusión por este motivo implicará, para quen incorra nestes comportamentos, a imposibilidade de figurar nunha solicitude na seguinte convocatoria destas axudas.

06

Avaliación e selección

Criterios de avaliación, procedemento e selección das persoas contratadas predoutorais

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

Xacobeo 2027

AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN

Criterios de avaliación

Criterio	Investigación non orientada		Investigación orientada	
	Valoración	Limiar	Valoración	Limiar
1. Calidade e viabilidade da proposta	**0-55**	**40**	**0-45**	**30**
1.1 Calidade da proposta	0-30	-	0-25	-
1.2 Viabilidade da proposta	0-25	-	0-20	-
2. Calidade e traxectoria dos compoñentes do proxecto	**0-30**	**20**	**0-30**	**20**
3. Impacto científico, económico e social esperado dos resultados	**0-15**	**5**	**0-25**	**15**

Os limiares indican a puntuación mínima esixida en cada criterio segundo a modalidade do proxecto.

Procedemento de avaliación e selección

01

Solicitudes

Distribución en función das áreas e subáreas temáticas da AEI.

02

Avaliación remota

Avaliacións individuais que serven como documentos de traballo para as comisións técnicas.

03

Comisión técnica (presencial)

Contextualiza as valoracións no conxunto de solicitudes; adopta por consenso a nota final e a de cada criterio e subcriterio; elabora a listaxe priorizada, o informe individual xustificado e a proposta de axuda predoutoral.

04

Comisión de selección

Sanciona a avaliación das comisións técnicas e aprova a listaxe priorizada de axudas financiadas en todas as áreas co financiamento outorgado, as axudas predoutorais e a relación de proxectos non financiables.

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

Xacobeo 2027

Avaliación e selección das axudas predoutorais

ENTIDADE BENEFICIARIA

Publicación, avaliación e selección

Estas actividades poderán realizarse desde a publicación da proposta de resolución provisional (PRP). Publicación obrigatoria en EURAXESS.

Criterios de avaliación

45	Achegas científico-técnicas (puntos)
5	Mobilidade e internacionalización (puntos)
50	Adecuación da persoa candidata ás actividades de investigación que vai desenvolver (puntos)

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Adxudicación e incorporación

9 meses

prazo máximo para a incorporación da persoa contratada desde a resolución de concesión dos proxectos

INFORMACIÓN Á AEI

20 días hábiles tras a incorporación

- Datos identificativos da persoa contratada
- Data de incorporación
- Programa de formación predoutoral
- CVA da persoa seleccionada
- Informe do proceso de selección
- Ligazón ao portal EURAXESS

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

Xacobeo 2027

Máis información

Convocatoria 2026 de Proxectos de Xeración de Coñecemento e actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas a estes proxectos

Axencia Estatal de Investigación www.aei.gob.es

Formulario de contacto da AEI aei.gob.es/contactanos/formulario-contacto

Portal EURAXESS (axudas predoutorais) euraxess.ec.europa.eu

O texto con validez xurídica é a Resolución do 30 de setembro de 2026 publicada pola AEI e o seu extracto no BOE (BOE-B-2026-31900).

AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN